Dende o seu inicio a fauna salvaxe do contorno de ambas vías, concretamente os xabaríns, causaron numerosos accidentes sen que se tomaran ningunha medida para evitar que estes animais se introduciran dentro dos valados do corredor. É ademais frecuente avistalos polas pendentes das beiras.

Esta situación pode darse pola rotura dos balados metálicos que, efectivamente teñen un mantemento dificultoso pola lonxitude dos mesmos, pero tamén pode deberse á que os xabaríns acceden polos mesmos accesos que os vehículos.

A fragmentación do territorio que ocasionan as vías de comunicación terrestre causan un dano irreparable á fauna, por cuestións de afectación á biodiversidade que poden ir dende os danos provocados pola endogamia ao estar o seu territorio illado ata a morte ao invadir estas vías, pero tamén as persoas usuarias poden sufrir accidentes derivados da invasión de grandes animais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por isto un acto de responsabilidade das administracións con competencias nas distintas vías crear os denominados corredores ecolóxicos que faciliten o desprazamento da fauna local dunhas zonas a outras, cuestión esta que favorecería o desenvolvemento da fauna salvaxe mentres se protexería á cidadanía de sufrir accidentes.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno da Xunta asegurar a seguridade viaria das vías CG-2.2 e CG-2.1 creando pasos ecolóxicos para o desprazamento da fauna salvaxe?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 13:37:41

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2022 13:37:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Estes días estivo presente nas redes sociais o acaecido coa lingua galega e a Real Federación Galega de Fútbol, ao rexeitar esta un certificado de empadramento dun aspirante a federarse por estar en galego.

Como é ben coñecido, a Lei 11/1997, 22 de agosto, xeral do deporte de Galiza recolle no seu artigo 28 que as federacións deportivas galega son entidades privadas con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. No seu artigo 30 a mencionada lei decláraas de utilidade pública.

Os Estatutos da RFGF no seu artigo 1.5 recollen que: A RFGF non admite ningún tipo de discriminación por ela ou polos seus membros, por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. No 1.6 recollen: A lingua galega, como lingua propia da Comunidade Autónoma de Galiza, tamén o é da RFGF, en réxime de cooficialidade coa lingua castelá. Os órganos da RFGF garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.

Dito isto, está claro que calquera federación deportiva está rexida pola lei e polos seus propios estatutos, moi lonxe de poder actuar con arbitrariedade, é máis, debe ser especialmente escrupulosa pola entidade que ten e polos valores que representa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O feito de conculcar os dereitos lingüísticos na Galiza desgrazadamente pode verse nun contexto de falta de respecto á lingua propia e por isto e polos danos causados ás persoas podémolo considerar un feito gravísimo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai actuar o goberno galego para garantir os dereitos lingüísticos das e dos deportistas galegas na Galiza tal e como marcan as diversas normativas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 13:40:36

Daniel Castro García na data 13/01/2022 13:40:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 13:40:55

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 13:41:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pantón conta cun gran Patrimonio histórico e natural, con gran
potencial turístico ao enclavarse ademais na Ribeira Sacra. Conta con numerosos Bens
de Interese Cultural (BIC) o que serviu para promover á Ribeira Sacra como patrimonio
mundial da humanidade, aínda que fracasara o intento.

Entre estes bens atópase o Castelo de Maside tamén chamado Castelo de ferreira
é un destes BIC tal e como se recolle no Decreto de 22 de Abril de 1994 e que figura na
actualidade no rexistro de BIC de Galiza.

A Lei de Patrimonio Cultural de Galiza 8/1995 do 30 de Outubro, no seu artigo
26.3 recolle o seguinte: "Os propietarios, posuidores e demais titulares de bens
declarados de interese cultural deberán facilitar a visita pública a estes nas condicións
que se determinen, que en todo caso será gratuíta durante catro días ao mes, en días e
horario prefixado", tamén di o artigo 84 que se refire á investigación, conservación,
difusión, di: "A Xunta de Galiza facilitará o financiamento da conservación,
acrecentamento e rehabilitación, así como as actividades de estudo e difusión do seu
patrimonio cultural ou catalogado", cuestións ambas que non están cumpríndose a día
de hoxe e que prexudica claramente o desenvolvemento e dinamización turística neste





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello da Ribeira Sacra, sen que ningún organismo público ou institución faga por corrixir esta cuestión.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno da Xunta intervir para que se cumpra a normativa e o Castelo de Maside en Ferreira se poida incorporar á oferta turística de Pantón as visitas ao Castelo?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 13:42:31

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 13:42:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 13:42:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A LU-636, estrada que comunica a vila de Sarria coa de Becerreá, pero que ten bastante máis transcendencia xa que serve para comunicar a montaña lucense co val de Lemos e tamén serve de saída a A6.

Leva anos nun estado deplorable, con evidentes problemas de firme, trazado e anchura. Hai uns meses a consellería de infraestruturas e mobilidade logrou botar rego asfáltico nun tramo que estaba co firme especialmente deteriorado cuestión esta que supuxo un parche pequeno pero que non resolveu o relativo a calidade da vía de comunicación.

Podemos hoxe comprobar que leva máis de 30 minutos percorrer pouco máis de 30km, que esta estrada autonómica ten unhas variacións no firme e na anchura que non se xustifican en nada obxectivo.

Os primeiros 16 km dende Sarria sentido Becerreá discorren ata un lugar chamado Saa no concello de Láncara e contan cunha anchura e firme adecuado que sen máis explicación se perden nese momento, pasando a reducir a súa anchura ata o punto de atopar unha ponte con aqueles vellos sinais que indican quen ten prioridade no paso, tampouco acompaña o trazado que se converte nunha sinuosa estrada de montaña, parte





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dela con bo firme pero con curvas pronunciadas, moitos tramos tampouco contan con barandas quitamedos aínda que á súa beira a pendente sexa ben pronunciada.

O tramo final tampouco foi mellorado máis alá do firme, esta vía de comunicación podendo ser segura convértese nunha vía de incomunicación que sen dúbida ten un potencial de sinistralidade para as persoas que habitan en moitos dos lugares polos que discorre.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai acometer o goberno da Xunta unha mellora substancial da estrada LU 636 en canto a trazado, anchura e firme que facilite as comunicacións entre as vilas e núcleos de poboación afectados?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 13:43:47

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2022 13:43:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicitan a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **26727**:

Onde dí:

Que valoración realiza o Goberno Galego sobre a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 de Ourense que ordena a remisión de actuación á Fiscalía polo presunta comisión dun delito de prevaricación administrativa na contratación pública de subministracións pola **Audiencia** Provincial de Ourense, e ten previsto algunha acción para o control e fiscalización de tales comportamentos ilegais e/ou delitivos??

Debe dicir:

Que valoración realiza o Goberno Galego sobre a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 de Ourense que ordena a remisión de actuación á Fiscalía polo presunta comisión dun delito de prevaricación administrativa na contratación pública de subministracións pola **Deputación** Provincial de Ourense, e ten previsto algunha acción para o control e fiscalización de tales comportamentos ilegais e/ou delitivos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 14:04:27

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 14:04:37

María González Albert na data 10/01/2022 14:04:46



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Vilagarcía de Arousa ten, agora mesmo, un so centro de saúde nun edificio de máis de 40 anos e con notorias e coñecidas dificultades de accesibilidade, espazos e acondicionamento. As posibles melloras ou obras de mantemento non conseguen, polas dificultades da propia edificación, solventar problemas estruturais que dificultan claramente a capacidade asistencial en plena garantía de calidade para os/as usuarios/as.

Esta situación levou aos diferentes axentes sociais de Vilagarcía a demandar un necesario novo centro de saúde. Dende 2008 existiu un acordo entre Concello, Porto e Xunta de Galicia para dispoñer do solar da antiga Comandancia de Marina para este obxectivo. O cambio de goberno en 2009 na Xunta de Galicia bloqueou esta solución ata este 2021 no que, tras taponar e dificultar calquera intento de solución, a Xunta de Galicia e o Porto de Vilagarcía accederon a un acordo que o Concello de Vilagarcía promoveu e no que traballou durante anos para que ese novo centro de saúde en Vilagarcía poda ser realidade.

Este acordo, moi importante para a dotación de servizos sanitarios na localidade, presenta a oportunidade de non frear agora a posibilidade de que esta infraestrutura sexa unha realidade canto antes. Para tal fin as tres institucións comprometeron o seu traballo áxil, e así poder facilitar os prazos que de por si conleva unha obra importante sobre o asunto. Ademais, a estes compromisos, é necesario sumar o coñecemento da dotación orzamentaria plurianual que estará prevista para os vindeiros tempos ata a finalización do centro de saúde.

No que corresponde á Xunta de Galicia é de interese coñecer as previsións temporais para aquelas accións que lle corresponden, así como o deseño do plan funcional que permita saber a previsión de usos e o proxecto asistencial. Ambas tarefas son chave para poder culminar no menor tempo posible o reto iniciado de dotar a Vilagarcía dun novo centro de saúde da capacidade que é precisa, tal e como outras localidades de entidade similar ou menor teñen hai tempo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que orzamento vai contemplar o investimento para a construción do centro de saúde de Vilagarcía? Que previsión de distribución anual ten este investimento?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2022 12:03:12
Nº Rexistro: 27106
Data envío: 05/01/2022 12:03:12.094

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/01/2022 11:56:56

Marina Ortega Otero na data 05/01/2022 11:57:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan se realice a seguinte corrección de erros no doc. núm. **27106**:

Supresión da última pregunta: “que previsión de distribución anual ten este investimento?”

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data **11/01/2022 09:27:05**

Marina Ortega Otero na data **11/01/2022 09:27:18**



A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A RIS3 de Galicia ten como un dos seus retos a promoción dun novo modelo industrial dirixido a aumentar a intensidade tecnolóxica no tecido produtivo galego, cunha grande aposta por un modelo de innovación máis aberto e colaborativo que facilite o acceso de pemes, microempresas e autónomos.

Neste contexto, resulta imprescindible a dispoñibilidade de infraestruturas de apoio a nivel local que contribúan ao desenvolvemento da base industrial e a mellorar a competitividade, a través do acceso a produtos e servizos avanzados dunha maneira flexible e con prezos competitivos.

Así pois, en 2020 a Xunta de Galicia decidiu activar un programa de axudas en favor de centros de fabricación avanzada de uso compartido, impulsados por agrupacións empresariais e clústeres, así como empresas con capacidade tractorsa. Como resultado, estanse a impulsar sete espazos pioneiros que, grazas a colaboración público-privada, están a potenciar sectores estratéxicos como o turismo, o agroalimentario, o loxístico, o biotecnolóxico ou as TIC, mobilizando un investimento de preto de 27 millóns de euros.

En concreto, os proxectos que se están a desenvolver son un centro de servizos avanzados na Cidade das TIC da Coruña; o Centro Loxístico da Automoción no Porriño; o centro de fabricación avanzada do Polo Biotecnolóxico na Sionlla (Santiago de Compostela); o Centro Galego de Tratamentos térmicos do Aceiro que, estará

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



situado en Narón; o Centro de Servizos Avanzados Galicia TurisTIC en Vilagarcía de Arousa; así como a planta piloto de Inleit en Curtis e o centro de Acolat, pertencente a Clesa, en Caldas de Reis, para impulsar lácteos de alto valor engadido.

O interese despertado por este tipo de infraestruturas abertas, ten levado a volver abrir unha consulta no tecido empresarial galego para coñecer a demanda e desenvolver liñas de axuda que permitan o seu impulso.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que iniciativas se puxeron en marcha pola Xunta para poñer ao dispor das pemes infraestruturas de uso compartido que potencien a modernización e o desenvolvemento dos ecosistemas produtivos sobre todo a nivel local?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2022 11:09:27

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2022 11:09:44

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/01/2022 11:10:00

Borja Vereza Fraiz na data 13/01/2022 11:10:16

José Antonio Armada Pérez na data 13/01/2022 11:10:31

Pardo López, Adrián na data 13/01/2022 11:10:47

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/01/2022 11:10:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa ás medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para dotar á comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na alarma social xerada ante as deficiencias detectadas no servizo do 061 e os riscos que isto implica para a saúde da veciñanza das vilas de Cangas e Moaña.

Exposición de motivos

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Coa chegada do verán, prodúcese un crecemento notábel de persoas na comarca, polo que o servizo de emerxencias debe ter capacidade de atender correctamente unha demanda superior á habitual.

As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, as traballadoras denuncian que o 061 manipula os datos ocultando as cifras anteriores a 2019, entendendo que non é posíbel comparar o aumento na demanda asistencial do ano 2019 co do 2020, xa que neste último ano, por mor da pandemia, reduciuse drasticamente o turismo e onde debido ás diferentes restricións baixou a actividade relacionada coa industria e os accidentes de tráfico.

Un número axeitado de ambulancias, así como uns recursos suficientes nas mesmas, axudará a salvar vidas e a poder atender de xeito rápido e eficaz as diferentes emerxencias que se poidan dar na comarca do Morrazo.

É incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Máis cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que con 2 ambulancias debe dar servizo a milleiros de persoas. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.

Con COVID ou sen el, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Desgrazadamente, asistimos unha vez máis a unha nova mostra da necesidade existente de dotar á Comarca do Morrazo dunha ambulancia de reforzo, despois de que varias persoas tivesen falecido en circunstancias onde as únicas ambulancias da comarca estaban ocupadas e os profesionais médicos precisaron doutros servizos para poder achegarse a atender a emerxencia, sendo o seu tempo de resposta superior ao que tería sido de contar cunha ambulancia de reforzo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Nunha situación de crise sanitaria debemos poñer todos os recursos necesarios para que o servizo de emerxencias poida desenvolver o seu traballo nunhas condicións que permitan a máxima axilidade e seguridade sanitaria para levar a asistencia a quen o precise e contribuír a salvar vidas.

Ante a preocupación da veciñanza polo que está a ocorrer co servizo de emerxencias, é necesario que se fagan as investigacións e que se depuren as responsabilidades oportunas ante o que está a acontecer co servizo de emerxencias, e se a incorporación dunha ambulancia de reforzo á flota da comarca do Morrazo, pode axudar a axilizar e garantir un servizo fundamental en tempo e forma.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado e da deputada asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Ante a necesidade de mellorar as condicións de traballo e o servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza e en que prazos se van efectivizar?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 13:58:41

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2022 13:59:32



Á Mesa do Parlamento

María Sol Díaz Mouteira, Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer as actuacións e previsións do Goberno galego en relación coa reforma desta normativa estatal

O Goberno central está impulsando a modificación do Regulamento da Lei de Costas, da que se desprende que introducirá inseguridade para as concesións de que se atopan no dominio público marítimo terrestre.

Esta modificación inclúe cuestións como o cambio dos criterios para fixar a extensión do dominio público, revisando os deslindes de costes e ampliando a zona de servidume de protección, na que se prohibe a edificación residencial e moitos outros usos e actividades dos particulares.

Ademais, suprímese a posibilidade de que as normas urbanísticas permitan cambios de uso nos edificios anteriores á Lei de Costas que se atopan en servidume de protección, algo que é imprescindible para facer posible a recuperación e posta en valor de inmobles e edificacións que en moitos casos teñen un valor histórico ou cultural relevante.

E, entre outras cuestións, redúcense os prazos iniciais das concesións de costas e das súas prórrogas e non se clara que o prazo máximo de duración das concesións outorgadas antes da entrada en vigor da Lei de protección e uso sostible do litoral, que pasa a ser de 75 anos coas prórrogas incluídas, non debe aplicarse ás prórrogas outorgadas antes da entrada en vigor da Lei de cambio climático e transición enerxética.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Todo isto, súmase á inseguridade xurídica xerada polo artigo 20 desta Lei de Cambio Climático, que provoca dúbidas respecto a cal é o dereito vixente no ámbito das prórrogas extraordinarias e sobre o que Galicia solicitou a convocatoria dunha comisión bilateral entre Xunta e Goberno central.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia formula a seguinte pregunta en Pleno:

- Considera a Xunta que esta modificación do Regulamento de Costas dá seguridade xurídica ao outorgamento dos títulos de ocupación do dominio público marítimo terrestre e das súas prórrogas nos títulos outorgados antes da aprobación da Lei de Cambio Climático?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2022 16:32:42

Diego Calvo Pouso na data 17/01/2022 16:33:08

Manuel Santos Costa na data 17/01/2022 16:33:41

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2022 16:34:31

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2022 16:34:40

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2022 16:34:59

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2022 16:35:16

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2022 16:35:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2022 16:35:52

Ana Belén García Vidal na data 17/01/2022 16:36:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2022 16:36:37

Daniel Vega Pérez na data 17/01/2022 16:36:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Martin Seco Garcia, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral urxente en Pleno.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique a situación sobre un tema de gran interese para a nosa Comunidade Autónoma

Co inicio deste ano 2022 entraba en vigor a través da lei de acompañamento dos orzamentos a moratoria na tramitación de novos parques eólicos. A total ausencia dunha política planificada por parte da Xunta de Galicia nestes anos, ten derivado nunha contestación social sen precedentes e o malestar compartido por concellos, comunidades de montes, asociacións ecoloxistas e patronal eólica.

Ao tempo que se introduciron estas modificacións na lei de acompañamento, carentes do máis mínimo consenso político, social ou empresarial, agora se vén de anunciar unha nova lei de áreas empresariais que contemplaría novos cambios no ámbito eólico, cambios que non foron introducidos na lei de acompañamento aprobada apenas hai un mes no Parlamento.

Ante esta desinformación, inseguridade xurídica e malestar cidadá, o Grupo Parlamentario Socialista, ten instado e proposto en diversas ocasións a necesidade de reformular e adaptar o actual Plan Eólico obsoleto e que carece da necesaria participación dos sectores implicados.

No canto de aproveitar a moratoria para elaborar unha nova regulación que estableza seguridade no sector e no medio rural, seguen a apostar pola política de feitos consumados e pola porta de atrás, nunha dinámica que non contribúe máis que a xerar inseguridade nas empresas, nos concellos e na cidadanía.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:



Considera coherente a política que atinxe ao desenvolvemento da industria e da enerxía eólica no noso país, baseada en modificacións e cambios varios en leis sen publicidade, se diálogo e sen o máis mínimo consenso cos distintos sectores e axentes implicados na mesma?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 17/01/2022 16:04:08

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/01/2022 16:04:18

Martín Seco García na data 17/01/2022 16:04:28



Á Mesa do Parlamento,

José Manuel Balseiro Orol, Borja Vereza Fraiz, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Rosalía López Sánchez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de realizar unha avaliación urxente destes instrumentos de apoio ao tecido produtivo de Galicia

Á Consellería de Emprego e Igualdade correspóndelle o desenvolvemento das accións previstas no programa de goberno da Xunta de Galicia nas materias de emprego e de igualdade.

Unha folla de ruta que contempla actuacións ordinarias como poden ser axudas ao traballo autónomo ou de fomento no ámbito do emprego por conta allea, pero que, adaptándose a irrupción da covid-19 no escenario socio-económico mundial, tivo que incorporar medidas de carácter extraordinario co obxectivo de mitigar os efectos desta sobre a sociedade galega.

Así, o departamento de Emprego e Igualdade articulou e executou catro Plans de Rescate en pouco máis de nove meses á fin de acompañar ao tecido produtivo e económico da nosa comunidade, especialmente a aqueles sectores e actividades afectados en maior grao polas consecuencias da covid-19, como poden ser as persoas traballadoras autónomas ou as micropemes.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de Rescate, con fondos autonómicos, destináronse máis de 180 millóns de euros que permitiron atender 80.000 solicitudes, sendo isto posible grazas ao acerto no deseño, baseado na flexibilidade dos requisitos.

Pola contra, parece que tanto a terceira como a cuarta edición dos Plans de Rescate, con fondos transferidos polo Estado e estritos condicionantes para a súa execución, non acadaron os resultados precedentes debido a, como todo indica, uns ríxidos criterios impostos polo Goberno central.

Recentemente tense pechado o prazo de xustificación ao Estado do grao de execución destes fondos, destinados no caso de Galicia ao terceiro e cuarto Plans de rescate, polo que se solicita ao Goberno galego un balance dos resultados obtidos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral urxente en Pleno:

- Que avaliación fai a Consellería de Emprego e Igualdade dos catro Plans de Rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2022 17:16:45

Borja Vereza Fraiz na data 17/01/2022 17:17:00

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/01/2022 17:17:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2022 17:17:39

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/01/2022 17:17:57

José Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2022 17:18:07

Noelia Pérez López na data 17/01/2022 17:18:22

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2022 17:19:15

López Sánchez, Rosalía na data 17/01/2022 17:19:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. Presidente, cal foi o destino dos fondos europeos recibidos pola nosa Comunidade Autónoma en materia de emprego?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Manuel Álvarez Martínez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2022 18:15:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que medidas ten previsto adoptar para reforzar a atención primaria tendo en conta a súa situación de colapso?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2022 18:21:45



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

